

úm. 51

15-3-28

rós

CASTELLAS



BOLETÍN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

Direitor Literario

Vicente Risco

Direitor Artístico

Alfonso R. Castelao

Administrador

ANXEL CASAL

DIREICIÓN E REDAUCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

Real, 36 1.^o—A CRUÑA

ABONAMENTO

Doce números, na Península	6'00 pesetas.
Fora da Península	8'00 >
Número solto	0'70 >

NOTA

Este boletín non publicará mais crónicas qu'os que foran directamente solicitados pol-a Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidas, a non ser das que por non iren rubradas, enténdense que son da Redaución.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

Alalás do Mar, por EMILIO MOSTEIRO.

Ensaio de Fisiognomía - (Francisco Afán), por VICENTE RISCO.

Prehistoria e Folklore da Barbanza, por FLORENTINO L. CUEVILLAS e F. BOUZA BREY.

Problemas de Xeografía Galega, por RAMÓN OTERO PEDRAYO.

Catálogo dos Castros Galegos, da Sezión de Prehistoria do S. E. G.

Os homes, os feitos, as verbas, pol-a REDAUCIÓN.

Reloxería ZENITH

MÁQUINAS PARLANTES, DISCOS
AGULLAS e ACCESORIOS

M. CALVINO - Ourense

Dicente Risco

Abogado

Sto. Domingo, 47-2.^o

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano X



Ourense 15 Marzal 1928



Núm. 51

ALALÁS DO MAR

A ENRIQUE F. SENDÓN.

1

O coro das prayas canta.
Bótase o faro a nadar
co teu relembro á deriva
e o degaro n-alta mar.

A ría ten nos seus beizos
a escuma do meu cantar.

2

O faro de Corrubedo
dirixe e leva o compás
ó cortexo das tuas verbas
e ás vagas da pleamar.

3

Voan pra vir ó naufraxio
do teu adeus derradeiro
todas as fiestras do porto
collidas na man do vento:

4

Hoxe tan sojo o desfile
dos teus relembros en cross,
probe piloto do taxi
ou torreiro d-un farol.

EMILIO MOSTEIRO.

ENSAIOS DE PHISIOGNOMONÍA

FRANCISCO AÑÓN

Iste estudo, com'o qu'adicamos a Saco e Arce, está feito por un retrato: o retrato mais popularizado do Poeta dos Himnos, feito en dibuxo e reproducido d'abondo en libros, revistas e xornaes, retrato ben mais coñecido da xente que non os versos xa pouco leídos d'Añón. Anque hoxe, co intrés qu'eneconomiza a espertar o romanticismo, non quita que volvan ser traguidos á actualidade.

Foi a persoalidade interna de Francisco Añón superior ou inferior á sua obra de poeta? D'un xeito xeral, a obra d'un escritor non é mais qu'aquela parte da sua vida interior qu'o escritor atinou a espresar. Un home calquera que poidera chegar a espresar, a dicir toda a sua vida interior, sería o maior escritor do mundo. No *Ulysses* semella que se quer *dicir todo*, e ata certo punto, tamén no *Portrait*. Mais estas son obras do noso tempo. No tempo d'Añón, o escritor non dicia mais qu'aquello que consideraba dino de ser comunicado ós demais. Estaba n-unha moiha meirande dependenza do público do qu'está o escritor de hoxe, e non daba mais qu'unha escolma do seu mundo interior, o que se consideraba *importante* ou *intresante*, contrariamente ó parecer de Ibsen. Por outra beira, eso de *dicilo todo* anque pareza paradoxa, non pode facer mais qu'un introvertido, coma Joyce ou coma Proust; mais Añón era pol-a contra, un extravertido, com'imos ver. Por todas estas razós, un estudo fisiognómico d'un escritor do tempo d'Añón poidera dar que nos amostrara un home inteiramente diferente do que revelan os seus escritos.

Velequí temos ésta caraterizada e forte testa románteca de Francisco Añón, que logo veremos que non tiña nada de forte... Imos ver n'il o reverso de Saco e Arce.

A fronte outa, botada pra atrás, o narís

prominente, a queixada recollida por adiante, co papo pouco acusado, curto e tendendo á vertical, determinan un perfil acusadamente convexo, que denota unha forte masculinidade, un caraute varonil e animoso, optimista e afirmativo. Face carnosa e grandeira, qu'ofrece ó ollar moita superficie, que s'amosta e s'ostenta, e parez franca, apesar de certos siñas de concentración, com'o plegamiento das sobrecellas e o bico pechado debaixo do gran bigote. Caracteres todos concordantes, com'os qu'agóra imos ver.

A fronte despexada, moi ancha, da que vai recuando o cabelo, que semella levado pra trás por un vento de treboada—o vento de que foi xoguete a vida do gran romántico, do gran viaxeiro, que foi un pouco com'as follas secas que cantou Castor Elices, ánimo incerto, que loita desespradamente co-a sorte, que é o vento qu'axita ises cabelos, botados pra trás, co ise peiteado que n-aquel tempo chamaban *a la Robespierre*, en consonancia co-as ideias do autor do *Himno dos povos*, o qual amostra tamén un bigote *castelarino*, com'as sobrecellas... Añón tiña un dermatoesquelete repubricán...—e rematando abaixo n-unhas sobrecellas crespas e enrugadas, forma a parte anterior d'un cráneo braquicéfalo, de gran desenrollo sobre todo en outura, qu'o faría clasificar decididamente no tipo cerebral, senón fora pol-a importancia que semella ter o diámetro bicigomático, que nos leva a telo mais ben coma tipo respiratorio. De todolos xeitos, esta frente que se vai pra trás arredándose da vertical, indica o home impulsivo, arraudo, que pensa pouco o que fai, ou que fai mais do que pensa. Xa emprincipiamos a ver que non era Añón un home forte, un home de vontade sostida, senón d'arrautos, de vontade intermitente, d'alternancias d'op-

timismo e pesimismo, d'iniciativa e pasividade: un ciclotímico.

O tramo medio da face, que corresponde orgánicamente ó peito e metafisicamente ó mundo intermeio ou vital—a vida (curazón e aparato respiratorio) ten o seu principal asento no peito—ten un desenrolo especial que amostra un espírito inquieto, aventureiro, soñador, utopista; gran diámetro bicigomático, pómulos marcados. Oferce á observación, n'iste retrato, carauteres ben dinos d'estudo: tres láñas paralelas descendentes de cada lado da face, que parten do ángulo interno dos ollos, d'enriba das aletas do nariz, e dos ángulos dos beizos, e que sucan fondamente as fazulas, marcando os regos da disgracia, do home estragado e traballado pol-a vida, esclerosado, vencido e tristeiro. A carón d'istes tres regueiros das bágoas, pouco fai o nariz audaz, cortado na punta, cheo d'acometividade e de grandes ideias; pouco fan ises ollos craros e frances, un pouco saídos pra fora; cheos de confianza e lealdade, que nol-o amostran ademais com'un estravertido, un home dado á vida de relazón e con preocupacións d'orde social preferentes. Cando surtiu a vida Francisco Añón, era xa un vencido, era xa un home entregado ó fado.

qui m'emporte
çá e lá
pareille á la
feuille morte...

que diríamos xuntando a inspiración d'Elices

á de Verlaine... Condanadas a morte iban as ilusións qu'enchífan aquiles ollos e aquela fronte manifeca...

Probe Añón! Era todo espírito. O tramo inferior da face, onde s'amostran os apetitos materiais, está n'il caxequeñatofiado. Ten unha queixada forte, mais retirada e coma posta en derradeiro termo, recollida, dominada, escurecida pol-a fronte, pol-o nariz, polos pómulos.

O bico, que se non pode apreciar n'iste retrato, adivínase sorriente por debaixo do gran bigote de trunfal xovialidade, igual qu'os ollos qu'ainda queren rir en contra dos sucos de tristura que n'iles comenzan. Denuncian istes carauteres un humorismo confiado e san, verdadeira *bonhomie*, en contraste remarcábel cos plegues preocupados e doorosos do entrecello.

Probe Añón! Non é a sua unha traxedia interior com'a de Saco e Arce, home de firme vontade que se vencia, que s'ollaba a si mesmo. Non: Añón amostranos unha sorte de semi-infantilidade sostida moitos anos contra vento e mareia qu'ó fin o venceu. Era un inxenuo; era feble d'alma. Deixábbase levar no trebón da vida; era capás de grandes pulos, mais cansaba logo; se non conformaba con soñar o seu soño, e quería atopar na realidade da vida, e tampouco era forte pra conformar a vida—ó menos a sua vida—ó qu'era o seu soño. Romantismo dinámico. E, crar'está...

VICENTE RISCO

PREHISTORIA E FOLKLORE DA BARBANZA

(Proseguimento)

Mámoa núm. 2.—Afastada 10 metros da *Casota do Páramo*. Ten 6 metros de diámetro, está moi derramada e non se ollan n'ela pedras do dólmen.

Mámoa núm 3.—A 25 metros cara o oeste

da anterior. Ten 17 metros de diámetro e non conserva restos visibels da cámara.

MÁMOA DO ARMADOIRO.—Situada a 200 metros cara o sul-oeste, da *Casota do Páramo* e no cume de un pequeno outeiro,

Mede 15 metros de diámetro por 2 de outo. Contiña no seu interior catro chantas da anta, cuio ancho varia entre 50 e 85 centímetros (fig. 24). Están de seguro istas chantas unha migia maquiadas dos seus asentos, mais do seu cativo grandor e da posición que oxe ocupan, tirase que o dólmen de que formaban parte era pequeno ata o punto de non atinguir o seu diámetro máis grande que un metro.



(FIG. 24).—MÁMOA DO ARMADOIRO

Ista mámoa foi escavada sen que alcontramos outra cousa que uns carbons.

MÁMOA DA POZA DA LAGOA.—A 150 metros, cara o sul da anterior. Mede 22 metros de diámetro e ollase moi remexida, sen que aparezan restos da anta.

GRUPO DA PEDRA DA XESTA.—A 150 metros cara o suleste da anterior. Consita de tres mámoas.


Mámoa núm. 1.—Aparez moi derramada e ca morea tumular moi baixa. Despois de escavada ollamos no seu interior a curiosa cámara da figura 25. As pedras *a* e *b*, pousadas de canto, forman a cabeceira e axuntanse angularmente. As *c* e *d*, continuan polas duas bandas, i-están asimismo pousadas de canto. A lousa *e*, indudavelmente maquiada, ollase ergueita a meias e facendo co chan un ángulo agudo. As *f* e *g*, están deitadas e son sen dúbida a *f* continuación da *c* e a *g* da *e*.

Recostruída de iste xeito a cámara en cuestión alcontramonos c-un megalito de tres

NÓS

metros de longo por un de ancho e noventa centímetros de alto, formado por sete pedras pousadas no senso da maior lonxitude, correspondendo tal feitura á das cistas megalíticas, mais sen incluirse por completo no seu xeito tipolóxico mais corrente. En efecto é o normal n-ista crás de sepulturas, que a cabeceira estea constituída por unha soia pedra (Odemira, Quinta da Agua Branca e imensa maoria das cistas catalás e vascas) e cando escepzoalmente está formada por varias, ollanse colocadas en liña reita.

Así e todo atopamos en Cataluña unha cista, a de Sarri, Nores, cuja cabeceira ten tres laxas, dispostas angularmente (1) e achamos tamén en Portugal, na rexión de Pavía, catro sepulturas situadas respeitivamente nas herdades dos Antoes, de Entreaguas, de San Miguel e da Madre de Deus (2).



(FIG. 25).—MÁMOA NÚM. 1 DA PEDRA DA XESTA

con cabeceiras iguales a da Pedra da Xesta e ainda de grandor total moi semellante, tendo que clasificar en secuencia o sepulcro que nos ocupa entre as cistas megalíticas, anque dentro de unha variedade non abondosa.

(1) Véx., *Lluís Pericot*, «La Civilización megalítica Catalana y la Cultura Pirenaica», Barcelona, 1925, lám. II, núm. 4.

(2) *Vergilio Correia*, El Neolítico de Pavía, Memoria número 27 de la C. de Investigaciones F. y P. Madrid, 1921, páxina 10, fig. 55.

Iste xénero de costruzón funeraria en cista é, ó parecer pouco frecuente na Galiza, onde ata de agora non se teñen sinalado outros eisemprases que os de Vilacampa e Recaré, publicados por Villaamil y Castro (1) e quizais a «arca o sepultura con losas pizarreñas» das Pontes de García Rodríguez (2) onde apareceron dous machados de pedra polida.



(FIG. 26).—MÁMOA NÚMERO 1 DA MÁMOA CAVADA

Mámoa núm. 2.—A 24 metros da anterior. Ten 14 metros de diámetro.

Mámoa núm. 3.—Case o pé da anterior e de 10 metros de diámetro.

Ningunha de ista duas derradeiras mámoas foi aberta por alcontrarse moi esborralladas e remexidas.

GRUPO DA MÁMOA CAVADA.—Está situado a 300 metros cara o suleste da anterior e compoñeno dous túmulos afastados entre si 60 metros.

Mámoa núm. 1.—De 20 metros de diámetro. Contén no seu interior todal-as pedras da cámara, que son sete, i-está faltosa da tampa. Dispoñense aquelas pedras do xeito representado na figura 26.

Ollase craramente a lousa da cabeceira, *a*, de 90 centímetros de ancho, e a cardón de ela

a porta, ourentada pra o leste e flanqueada polos estelos *b* e *c*. As duas chantas *d* e *e* que debían imbrincarse na da cabeceira atopanse desprazadas do seu primitivo lugar e botadas cara atrás.


Crasificase doadamente iste megalito entre os de cámara sinxela e chantas imbrincadas tan abondosos na Galiza. Anque de grandor cativo, o seu diámetro maior non pasa do metro e meio, identifícase moi ben pol-a sua feitura ca anta de Axeitos.

Mámoa núm. 2.—Ten a morea túmular moi esborrallada e dentro de ella conserva ainda tres chantas do dólmen, duas de 1'05 metros de ancho e a terceira unha migia mais pequena (fig. 27). As tres aparecen espetadas no chán.

As duas antas foron esproradas sen que renderan ningún moblario.

GRUPO DE PORTO TRAVÉS.—A 400 metros cara o oeste da Pedra da Xesta. Formano dous mámoas de 10 e de 26 metros de diámetro respectivamente, afastadas 100 metros unha da outra. Na más grandeira, ollanse tres pedras medio deitadas que deberon pertencer a cámara dolménica.

Non se fixo esprorazón en ningunha das mámoas de iste grupo.



(FIG. 27).—MÁMOA NÚM. 2 DA MÁMOA CAVADA

GRUPO DA ARCA DA BARBANZA.—A 600 metros aproximadamente da anterior cara o sul, e formado por dous mámoas, unha de elas moi pequena, compretamente esborrallada e sen señas visibles do dólmen e a outra, afastada 30 metros cara o leste da

(1) Véx., «Antigüedades prehistóricas y Célticas de Galicia».

(2) Santiago de la Iglesia. «Catálogo de Prehistoria». Almanaque Ferrolano para 1927.

anterior, que é a conocida co nome de Arca da Barbanza—É ista sen ningunha dúbida a anta meirande non soio da Barbanza sen non tamén de toda Galiza, e pol-a sua feitura unha das mais intresantes.

Asentase n-unha valgadiña, perto do lugar chamado «Campo dos Cregos» e non lonxe do Coto da Amoreira. Conserva restos ben patentes do túmulo, e no meio de iles xurde o megalito, que conserva a totalidade das suas pedras, anque moi maquiadas as mais de elas (fig. 28).



(FIG. 28).—ARCA DA BARBANZA

Ten a Arca da Barbanza, cámara e corredor. A primeira fórmama once chantas de ancho moi variabel, de 2 metros a 70 centímetros, cinguen unha área de 4 metros de longo por 3'20 de ancho. O esteio da cabaceira, aparez deitado cara o interior da cámara e os da banda direita moito mais maquiados que os da esquerda. O corredor feito con catro lousas ten 2'68 metros de

longo por 1 de outo e 85 centímetros de ancho.

O conxunto da anta, estaba coberto por tres tampas que corresponden; unha *b*, à cámara e duas *c* e *d* ó corredor. A primeira díllase derrubada cara a direita e apoiando un dos seus cantos no chán. As duas cobertas do corredor, atopanse unha case que *in situ* e a outra deitada no chán, perto da porta que está ourentada pra o suleste.

A outura da cámara é de 2'60 metros.

Se pombos en comparanza a longura total de iste megalito, perto dos 7 metros, cas ennumeradas ó falar da anta de Argalo, xurde nidiamente ante os ollos a desproporción das suas mensuras co grandor mais cautivo dos outros dólmens galegos, mais sen que por elo se acuse na feitura da Arca da Barbanza ningunha tendenza evolutiva cara a galeiría cuberta.


En efecto, a anta que nos ocupa, non sinala na sua estructura ren que a aparte do tipo das de corredor algo desenvolto. Iste e mais a cámara teñen unha outura e un ancho ben difrente, e soio no xeito de estar colocados os esteios da banda da esquerda, parecese albiscar certa tendenza a confundirse os dous elementos, arringleirándose na mesma liña.

O interior do megalito, alcóntrase case valeiro de terra, por cuia razón prescindimos de facer ningún traballo esporatorio. Esaminamos en troques afincadamente todas-as pedras en precura de algúna inscultura con resultado por completo negativo, a pesar do coal non arriscamos encol de iste extremo un parecer definitivo, polas ruis condizóns de luz, o apardecer de un dia de nevoeira, en que fixemos o eisame.

MÁMOA DO OUTEIRO REDONDO DA BRAÑA DE PRADOS.—Situase a un medio kilómetro cara o leste da Arca da Barbanza. Recebe o seu nome por alcontrarse perto de un penedo que é desinado de aquil xeito.

Ten 25 metros de diámetro e acocha no seu interior un dólmen faltoso da tampa e cas pedras restantes moi maquiadas. Componse de once esteios, cuio ancho varia de 1 metro a 40 centímetros e cuia posición primitiva non resulta doido determinar. Pol-o seu número poderíase matinar se formaban

unha anta, con cámara de sete chantas e corredor de catro, mais nin a sua outura que é moi semellante, nin a sua colocazón actual autorizan de abondo ista hipótesis. Poderían as pedras *a*, *b*, *c* e *d* (fig. 29) representar os



(FIG. 29).—MÁMOA DO OUTEIRO REDONDO DA BRAÑA DE PRADO

restos de tal corredor, mais alcontrariámonos c-unha ourentazón rara da entrada que se carearía pra o ponente e con que a carón seu non aparecía cabaceira, que resulta imprescindible pra repartir lóxicamente as sete chantas da cámara.

Deixaremos pol-o tanto ista custión pra fixarnos n-unha curiosa particularidade de un dos esteios de ista anta. No sinalado na (fig. 30) aparez un burato semicircular praticado na banda superior da lousa. Son frecuentes na Francia e tamén na Siria, na India e n-outros países, os monumentos megalíticos que presentan furadas por un burato circular algunha das suas lousas. En Portugal existe asimismo un exemplar de iste xénero, situado na Serra da Ossa (Alentejo) e ainda na Galiza coidouse dexergar as trazas do mesmo fenómeno en dous esteios de duas antas da bisbarra de Laxe (1), mais en todos istes casos o burato

óllase no fondo da lousa e non na cima coma na Braña de Prados.

E posibel así e todo, qu'a fura en custión, que viría abrirse por baixo mesmo da tampa do dólmen, fora aberta, obedecendo o mesmo orde de ideias, introdución de obxectos funerarios ou saída dos espíritos dos mortos, que presidiu a apertura de buracos análogos n-outras rexións dolménicas da Europa e da Asia.

GRUPO DA CHAN DE SABUCEDA.— Fórmano seis mámoas, moi derramadas que se sitúan o leste do Outeiro Redondo. A mais intreira de todas elas conserva tres pedras da cámara, espelada unha fondamente e deitadas as outras duas sobor do chán. Mede ista mámoa (fig. 31) 16 metros de diámetro i-está arrodeada por un círculo de pedras chantadas que sobresaen da terra cousa de 1 decímetro. Ista protezión da base da morea túmular e corrente en Cataluña i-en outros lugares. Na Galiza non se olla moi abundosa, podéndose rexistrar non embarcantes unha mámoa do Monte das Motas, de Lobeira que está cinguida por un verda-deiro valado. N-outras estazóns galegas os circos de pedras arrodean a área onde se erguen varios túmulos como ocorre nas Pontes de García Rodríguez.




(FIG. 30).—ESTEO ABURATADO DA MÁMOA DO OUTEIRO REDONDO DA BRAÑA DE PRADOS

FOLKLORE DAS MÁMOAS DE CURES.— A semellanza do que ocorre co dólmen de Axeitos, os contos relativos as estesas necrópoles da freguesía de Cures son poucos e pouco interesantes.

(1) C. P. Bustamante e S. Parga Pondal, «Los dólmenes de Domínguez y de la Gándara» t. a. do «Boletín de la B. Menéndez y Pelayo». Santander 1924, páxs. 47 e 48.

Xosé Rei Brión de 60 anos, veciño de Noceda (Cures) dinos o seguinte.

«As arcas teñen todas a porta ó Nacente do Sol, porque os que vivian nelas eran irmáns dos mouros e adouraban ó Sol.



(FIG. 31).—MAMOA NÚM. I DE CHAN DE SABUCEDA

Notese que n-ista referencia, as arcas son tidas por habitazóns e non por sepulturas, cousa que polo demais aparez patente no nome de algúm megalito (Casota do Páramo).

Notese tamén que o erguemento dos dólmens non se apon ós mouros, se non á unha caste de xente, irmandados co-iles por comunas crenzas heliolátricas. É isto un caso ben raro no folklore galego onde a denominación «mouros» acocha seguramente moitas entidades históricas e míticas de orixe diferente, sen que se deixe dexergar entre elas nin-gunha distinCIÓN de nome.

A similitude sinalada ten sen dúbida o seu fundamento na ourientazón xeral das portas das antas e no modo ritual de rezo e de colocación dos cadávres entre os mahometanos, voltando sempre a face pra Meca, e compre perguntarse se a tal similitude non sería unha das causas que axudaron a que no espírito popular se confundiran pobos e crenzas ben distintos e ben distantes.

**

A indispensabel notiza de tesouros alcóntrase consinuada nos seguintes versos:

«Entre Braññas e Brañas de Prados
hai os haberés de sete reinados».

E n-ista outra variante,

«De Mazaricos a Braña de Prados
hai os haberés de sete reinados».

FLORENTINO L. CUEVILLAS E
FERMÍN BOUZA BREY

(Continúndose)

PROBREMOS DE XEOGRAFÍA GALEGA

NOTAS EN COL DAS FORMAS DE POBOAZÓN LABREGA

(Proseguimento)

Vida Económica

Trasalba é unha parroquia sinxelamente labrega; está lonxe dos camiños e non sabe *bellar a peseta* como os garabaneses nas feiras. As soillas formas de aitividade económica alleas ó traballo da terra son a emigración e o negocio do sárrio. Iste antigo no-

país, comprende duas compañías de homes que van ás terras de viño de Castela, Navarra e Aragón e as vegadas tamén á veiraramar de Pontevedra pr'adicarse ó traballo d'arrincar o sarrio das cubas entr'a venda do viño e a nova vendima, angucira, cansa pois é perciso adoitar posturas violentas no interior das vasixas e traballar finiño con coi-

telos e azadiñas aproposito, pra non mancar as madeiras, sempre en bodegas fondas como cobas e á mercede das variaciós do precio da mercancía. Os sarreantes de Trasalba venen de pais á fillos e coñecen tan ben com'as corredoiras da parroquia grandes rexións das riveiras do Ebro na Rioxa e no propio cerne de Aragón e Navarra, de Valladolid, Zamora, Burgos (Aranda, Roa), e menos ó sul do Guadarrama (Madrid e Toledo). Teñen un xefe que s'encárrrega de falar c'os donos das bodegas e de procurar mercado pr'os sacos de sarrio. As ganancias en bós anos non son cativas. Algúns homes teñen volto despoxo d'unha campaña de catro meses con oito ou dez mil reás. Cuáseque sempre deixan o traballo ús días pra vir a celebrar as festas da parroquia o San Antonio e San Pedro, iste o patrón, que se fan nos derradeiros do Agosto. Haro e Aranda son os centros onde mais se demoran e algúns trasalbenses durmén nos seus cemiterios. A sega en Castela ninguén vai, fai unha chea d'anros e soilo falan d'ela os vellos que ian camiñando e durmian ás vegadas baixo os soportás da Praza Maior de Madrid.

Os carauteres da emigración americana son os xenerales da Galicia interior e pouco nos deteremos n'ela. De poucos anos a esta parte medra a emigración das mulleres non sendo raro que casadas de pouco, deixen os homes ó frente da casa pra ir ganar a vida de criadas en Cuba, Bós Aires ou os Estados Unidos. Tamén aumenta o número dos que non volven e soilo s'acordan da casa pra virse a coidar nos seus días derradeiros. Poucos son os homes de cuarenta anos que non teñan cruzado a mar mais d'unha vegada. Das nove familias antergas e labregas do lugar de Cimadevila somentes unha non ten mandado xente a América. N'unha casa os pais vellos teñen alá duas fillas, tres fillos e catro netos, o pai ten ido a Bós Aires nove veces e duas a nai. A ilusión de todos é ceibarse do traballo do campo e por un negocio. Xeneralmente andan de dependentes de tabernas, repartidores de prodoitos alimenticios, mozos de carga e almacén etc. E moi consideirado o que chega a ser capataz d'unha obra (via do tren, por ex.) e moitos perfeccionaronse nos seus oficios (albañiles). No

tempo das valías do zucré chegou moito diñeiro de Cuba, redimironse moitas cargas, ergueronse algunas casas sobretodo no Outeiro, Fondo de Vila e Fechos, e compuxéronse as más d'elas. Tamen mercaron terreos grandes pr'a pequena propiedade do país que se pagaban por seis, oito e hastra dez mil pesetas. Mais non se sabe de ningún capidal forte e en troques as quebras dos Bancos d'alá e d'eiquí refrexaronse fortemente na economía da parroquia. O diñeiro non abonda mais circola moito en forma de préstamos hastra o punto que se poden contar as casas que non deban cadela.

Os prodoitos da terra participan de riveira e de montaña. A rexión dos Chaos e cotos e moito menos os fondales, son terras de herdae adicadas ó centeo. Todolos logares o precuran, pois anque non s'atope preto dos das campás abaixo sobretodo da Bergueira e Soutomanco os veciños teñen eidos de herdae nos térmos d'outros pobos. Sementase pol-o xeneral na primeira quincena do outono e seiturase nos principios do San Xohan. A mais da preparación da terra demanda traballos de abica e monda das herbas ruis e as vegadas cando as invernias venen demasiado quentes o centeo pónse vizoso e hai que regalo pol-a metade. É un froito que como din os peisanos pasa moitas noites fora; o millor procurase nas herdades dos chaos onde rinde valentes colleitas, mais tamén pol-a densidade da poboazón, hai moitos eidos de centeo que debían andar á monte, pois non pagan o traballo que dán. Moitos foron criados esnaquizando e rompendo laxes e sempre n'elos andan separando as pedras que van ó camiño mais próximo. O tempo da seitura é de grande balbordo por ser das poucas angueiras que indase fan a *guichada* ou sexa por axuda. Logo afeixase en mollos que se disponen en serras ou en marragoutos e se contan por *diezmas*; calculase que cada unha renda dous ferrados e meio nos anos ordinarios, pol-a medida propia do centeo que é a pequena. As mallas fanse no Sant-Iago e no Agosto. Ó pouco tempo da seitura cando o grau e a palla se consideran ben enxoitos carregase pr'as eiras onde se fan as medas crásicas. N'outro tempo era unha arte especial a feitura dos carros

disponéndose as diezmas trenzadas n'unha longa cargación a maneira de trabe que chegaba hasta á cabeza da xugada. Hoxe a xente, menos coidadosa, deixa o pan no eido hasta a vispora ou o mesmo dia da malla que se fai cuáseque totalmente con máquina. Cuáseque todolos logares teñen eiras de propiedá comunal sempre preto das xuntanzas dos camiños gardándose dende longos anos o sitio de cada familia ou xente pra facer a meda. As causas da trasformación da antiga malla son varias; a mais importante o outo precio dos homes e mais que nada a eisixenza de dous xantares bós e caros e viño sin tasa ás vegadas dificuldoso de procurar no cerne do vrán. Eran sonados os malladores dos logares centrales que se dispuxan en equipos de oito, dez, doce e hasta mais e facían ouvir nas parroquias veciñas o estrondar dos mallos e aquiles berros: «Mulleres a eira, e viño en coeira» e longas aturuxadas. Era preciso barrer a eira dinantes do primeiro cirado c'unha xesta negra roubada, e mulleres moi acostumadas a ter a sabán preto dos malladorens para que non se perdese o grau que choutaba, e logo pra dispón os coños. Hoxe a máquina despacha en poucos días todalas mallas da parroquia e ven sempre en compañía da aventadora, operación que antes facían as mulleres de guichada soilo pola merenda. Cada vegada se come menos pan de centeo inda que fai algúns anos cuáseque todolos logares teñen forno comunal con obrigación pra cada veciño de quentalo un día determinado da semana. Cultívase moito prós porcos, dinantes pró foro (inda se pagan algúns) e moito pola palla pra cama e mantenza do gando que rillando n'il nas longas noites aforra a herba seca escasa na parroquia. A medida do centeo é o ferrado chamado de Amociro ou pequeno por oposición ó acostumado pró millo: dividese en seis coartales ou en vintecatro copelos, e ten o valor de 1979 litros acugulado e 15'83, raso. Algúns ventas paganse por outra medida mais pequena que se chama ferrado de Avila mais xa cuáseque non se usa. N'outro tempo rubian os ribeirans a mercar o centeo e baixaban os da bocaribeira en procura do viño. Hoxe inda se garda o primeiro comer-

NÓS

cio e tamén se vende nas feiras e en algúns establecimentos das carreiras e na Ponte de Ourense. Algúns veciños coltivan o trigo (Fechos, Fondo de Vila) en pequena cantidade e tamén hai algúns anacos adicados á cebada. A prodoición total de centeo da parroquia andará polas novecentas ou mil fanegas.

Medra o cultivo do millo en duas formas; de nabeira e de herdade alternando n'ista en dous xeitos; de revoltiza e folla. O de revoltiza sementase en canto se ergue o pan e recollese polos principios ou meiodos do outono. C'a sua arada competente e en anos de chuvia no vrán aproveitase pola espiga; os mais sirve somentes pró gando, pois non da sinón carronchos, espigas pequenas e mal criadas. Mais moitas terras de centeo non son doadas pra il. O de folla sementase no Majo despois de que a terra descansou dende que se recolleu o centeo ou sexa todo o inverno, e serviu pra comareiro da facenda. O millo de herdade pra ser bo require reguiñas do ceo polo menos cada mes. Do contrario alapease e ponse como din os paisanos «cas mans dreitas». As verdadeiras terras de millo son as nabeiras de rega que abondan nas encostas e nas quebradas especialmente no térmico de Soutomanco, nas Lamas, por baixo d'Outeiro, na Bergueira etcétera e son de todo descolecidas nos chaos inda que n'istes haxa algúns pozos que secan ben cedo. Nas nabeiras sácase a auga polos bimbastros dos pozos guiándose por carreiros; algunas teñen pozos e tanques que permiten a rega corrente. O traballo da rega é dos mais penosos do agro en Trasalba. Por mais compre vixilar moito as tioupeiras que delataban os puzos, furan nos caneiros e deixan ó descoberto as raíces do millo. O de rega valente e tropical, basto e outo como o home mais grande é moi admirado e forma o orgullo dos veciños das campás abaixo. Co millo botanse pintos, redondos, duros e verdes con decoracións brancas n'outrotempo iñorados na parroquia, cabazos, colombros e algunas sandías e cidras. O millo empézase a curtar no principio do Setembre nos anos enxoitos reservándose o de rega pra o Outono. As escascas son angueira de axuda e en moitas

sepárase o cosco pr'os colchós. Moitas vegadas é dificultoso o secalo (en campiños o pé dos cabaceiros, nas eiras, en laxes e penedos, nos balcós). Despois do millo sementase a ferraia nas nabeiras ou os nabos ou o mais acostumado a mistura dos dous froitos. Unha boa nabeira da algúns cortes de ferraia; parte d'ela enxoitase pra gardala e algunas vegadas cando se presenta moi ben deixase pra centeo. Acostumase pr'o millo a medida de Maside ferrado de 17'82 ou 22'28 litros asegún sexa raso c'o rebolo ou acugulado. Ten sona no mercado, que é o mesmo do centeo, o millo pecho e dourado da parroquia. En canto se escasca a palla dispone en maragoutos nos eidos ou gárda-se nas barras das coadras pra vianda do gando. A produción quizais supere á do centeo. N'outrotempo aparte dos logares das campás abajo unha casa era rica con grau pra todo o ano; hoxe todos procuran o viño d'un modo crecedero.


Pódese calcolar a produción en 1.500 moios (o moio de oito olas de 34 coartillos ou sexan 18'24 litros; chámase *ola acabazada* a que leva dous netos mais e adoítábase n'algúns rendas sobretodo nas de viño branco). Todolos logares procuran cepa; atopápanse siñas novas hastra na rexión dos chaos en canto hai un abrigo ou exposición favorable. N'outrotempo todolos camiños das campanas abajo estaban sombreados por outas parras e tamén algúns dos outros logares pois n'eles a cepa resiste e rende moito sin mais traballos que poda e arxona. Hoxe somentes se gardan nas ruas dalgúns logares (Outeiro) e son todos de cepa antiga, sobretodo de caíño, fresqueiro e acedo que dá agulla ó viño. Algúns fanas de cepa americán dianas casas con bó resultado. Tamén dinantes cuáseque todalas viñas eran de parricholas baixas. Hoxe a cepa vella ten morto dende o comenza do século e todalas viñas son de *mencía*, *garnacha*, *tinto da zorra*, *alicante* e outras crás moitas d'ellas inxeridas en patrós do pais (caíño, brenceillao, carnote, castellano). As campanas abajo é terra ribeirán singolarmente os fondos das Fareixa. As viñas inzanse entre os petoutos das encostas e agatúfan por todolos lados. Prantanse de catro e de cinco

coartas e apesares da división da propiedade hai labregos que collen cinquenta e sáxanta moios. Gracias á laboura da cepa volvے a ser colonizado o fondo do Medelo que n'outrora tivo logares, foi abandoado e coberto de monte e bosque onde teñen partidas cuase todolos veciños da parroquia, e agora pol-o abrigado do sitio que continua as boas terras do *Val de Santa Cruz* (A Cuqueira), cobrese de boas viñas. O viño das campás arriba e inda de gran parte das d'abajo, é un pouco chilrán e fresqueiro, bó os mais anos pra beber no vrán. Hoxe o viño é un coltivo de primeira necesidá pr'o paisano inda que da moito traballo e require angueira todolos meses do ano, por regla xeneral faise a poda no Xaneiro, e logo as más operacións recuan un pouco con respecto á verdadeira ribeira. Maila vendimia endexamais pasa do 15 de Outono inda que veña tempo de sol e moitos anos o branco recóllese sin madurar nos sitios outos. N'outrotempo a cepa vella debiu estar tan espallada ou mais que a nova hoxe. O viño vénedes a arrieiros de Cea, Tamallancos etcétera, que o veñen buscar en bestas ou desque a produción vai medrando ós arrieiros e pipeiros de carro das carreteiras. Poucas bodegas están nas mesmas casas, sinón lonxe ó pé das viñas. Todo o lugar do Quintairo é de bodegas onde se garda e fai o viño e se teñen tertulias mentras hai pinga. Algúns pra ir a casa precisan andar tres kilómetros. Moitas bodegas do Quintairo e d'outros logares (Penouzoás), foron n'outrora casas de habitación.

As millores terras de horta están ó pé dos logares esmiuzados en pequenas partidas pois ningún herdeiro quer compensación n'outro terreo. A castaña inda é colleita de valía máis xa non se secan. Todolos logares menos Cimadevila teñen soutos no terreo comunal e algúns castiñeiro son de moitos donos. Velllos, acaracochados nas terras, espallados, manteñense máis novos e dreitos nas quebradas afondadas (Formigueiro) lonxanas dos ribeiros do Barbantío e do Miño polas que se van facendo raros. Inda hai soutos de coarenta castiñeiro velllos, e agora xa os peisanos se preocupan de procuralos novos. Xa temos tratado dos

mais albres no capído da vexetación, representan unha riqueza abondosa sin chegar á fartura d'outras terras mais agoirentas e fondas. Pr'a venda perxudica a esgrevia calidade dos camiños, e así andan moi procuradas as boas trabes de carballo ou de castiñeiro. Un feito novo é o inzamento dos piñeiraes inda polos chans mais penedosos. Fai sesenta anos non se coñecian na parroquia; proceden dos que se plantaron na ribeira de Punxin e d'alf foron conque-

cobre as masas de roca subxacente da maior porción, non fai un chán tan rico como o d'outras terras. Isto vese doadamente na produción do estrume tan necesario pr'as terras. O toxo non chega as pechas formaciós d'outras parroquias, polo que se procura con ansia e páxase ben inda que o mellor remedio sería deixar a bravo moitas leiras de centeo onde canta o arado en todos os regos, e tamén desinzar as xestas que aproveitando as malas sazóns e as rozas fei-



rindo as duas bocaribeiras qu'alf baixan. En toda a parroquia non rube de tres o número de eucaliptos. As oliveiras teñen morto fai moitos anos; dinantes habíaas ó largo dos muros d'algúns fincas con boa exposición e as aceitonás servían pra parva dos homes n'algúns pazos.

A enxoiteza é un dos carauteres noxentos pra parroquia de Trasalba que en relación c'á pequena grosura da tona de humus que

tas nas primaveiras, van cobrindo os montes. Outro nemigo é o fento que polo frío nin é doado pra cama das coadras. Outra pranta noxenta é a carpaza, nemiga dos chás de souto.

Polas ditas causas Trasalba non é rica en herbas. É unha das traxedias dos vráns enxertos e inda nos invernos n'os que a xiada queima. Non é raro o caso da muller que s'ergue polo noite pra lle dar a vacola unha

presa de cosco do xergón. Somentes hai lameiros na quebrada do Formigueiro, na veiga de Albeiros, e nas terras das campás abajo e na rígueira de Monteasnal e Medello, mais todos pequenos e non ben coidados. Por ista escaseza aproveitanse nas nabeiras as veigas dos regos da auga e procúrase retardar a caba das viñas pra que colla corpo a avea. Os mais dos lameiros son de herba seca e péchanse nos derradeiros d'Abrel; a herba ségase no Sant Iago ou no Agosto con gadafeiros de oficio as más vegadas, que venen adicados ó seu oficio todo o vrán pois xa vai esmorecendo o costume de facel-o con fouscos por greas de mulleres. O millor lameiro d'herba verde da parroquia está no leito do rego da Bergueira no logar de Pexes. Dín que a foure esquenida pérdeuse en un día pol-a medra da herba.

O gando todo marelo, de boa caste inda que pouco atendido, está moi espallado entre os vecíños sin qu'haxa casas fortes de peisanos con moita fazenda. O que tén ganho de seu considerarse rico. É moi corrente

o igual que nas terras o contrato de medias ou aparceiría. N'as terras os caseiros pagan o diezmo e no gando os donos levantan o pé. Nos porcos a parte do amo é xeneralmente o tercio. Os de Trasalba privados da feira que se fazia no campo do Outeiro o día 6 de cada mes, acoden ás do Carballiño, S. Amaro, Maside, Barbantes, Cea, Bouzas, 21, Ourense, e fan a mór concurrencia na de Amoeiro. Fai poucos anos había moitos e bós exemplares da raza de Cartelle. As boas xugadas de bois son dificuldosas de manter e non sirven pr'os ruis camiños da parroquia. Teñen sona os años ó igual qu'os da terra de Amoeiro. Fai algúns anos recastouse grande parte da abenza con carneiros de raza *churra* vidos da terra de Burgos. Faltañ montes comunás en moitos pobos: somentes os teñen bós os que participan da rexión dos cotos más apenas dan un pouco de estrume e ningunha leña.

RAMÓN OTERO PEDRAYO

(Continuaráse.)

CATÁLOGO DOS CASTROS GALEGOS

PUBLICADO POL-A SEIZÓN DE PREHISTORIA
DO «SEMINARIO D'ESTUDOS GALEGOS» DE SANT-YAGO

CONSIDERAZONS FILOLOXICAS

As leendas localizadas nos castros constitúen un dos capítulos más importantes do noso folk-lore. O teren un soporte material fai que señan más persistentes que outras, e a gran abundancia de fortificazós e poboados prehistóricos que s'atopan na nosa terra e o feito de os peisanos assimilaren a iles moitas vegadas os penedos de feito estrano ou as obras modernas, coma castelos, eirexas, fontes, etc., ten dado a certos temas un notable espallamento. iremos vendo os puntos más importantes que atopamos no folclor castexo do val de Vilamarín.

OS HABITADORES DOS CASTROS.— Son aquí escrusivamente os *mouros*, os quais aparecen mencionados terminantemente

en nove dos once castros catalogados con excepción dos das Fontelas e Piñeiro, dos que pol-o demais hai pouco recolleitado. En sete d'iles, ademais, aparecen os mouros vivendo ainda. No Morgadán fálase de mouras *encantadas*. No da Martiñá fálase d'iles con carácter histórico: estiveron n'il 200 anos.

En realidade, un ensame atento logo descobre en cada caso circunstancias que venen revelare a interferencia da *leenda histórica* que atribui a fundación do moimento ós mouros, e a *leenda mítica* dos habitadores encantados do lugar.

A primeira forma de leenda, responden: a aira que *tiñan* os mouros no Castro de Marcelle; a silla do Rei Mouro do Morgadán;

a pia dos mouros do de Baínte; e probabremente, o camiño por baixo de terra do das Fontelas e o tesouro do do Piñeiro. Efeitivamente, embora non ben aclarado iste punto, semella pol-o ton especial con que se refieren estes contos, que estas cousas son restos abandoados pol-os antigos habitadores que agora xa non están no sitio.

Por outra banda, nos tres primeiros casos, aparecen ó mesmo tempo: no de Marcelle, unha familia que vive suterraneamente, e surte ás veces pra iren á feira; no Morgadán, unha moura coxa encantada; no de Baínte, unha que sai a asoellar o ouro.

As leendas non difrenzan os mouros *históricos* (non os realmente históricos, senón os que se presentan como históricos), dos mouros *encantados*. No noso traballo: *Da mitoxia popular galega, Os mouros encantados*, publicado nos números 43 e 45 de NÓS, pódese ver como os mouros históricos viñeronse pór no canto das verdadeiras poboazós prehistóricas da Galiza, verificándose o que Raúl Rosières chama *lei das trasposiciós*, asegún a qual, esquecido un héroe—que n-iste caso é o pobo dos castros, os celtas—os seus feitos—n-iste caso, o erguemento dos castros—apóñenselle a outro héroe que vive millor na memoria popular—e n-iste caso ise novo héroe son os mouros.

Tocante ós mouros encantados, no mesmo traballo pódense ver os seus paralelos co-as razas míticas das terras europeas: *Elfen, Korrigan, Kobolds, Ogros, Guomos, Fadas, Xigantes, Enanos, etc.*, e a sua posibel identificación cos nosos mitos pre-cristianos. En toda Europa, os deuses e os espíritos desbotados pol-o cristianismo, vanse acochar nos sitios desertos e abandoados, nos bosques, nos penedos, nas ruínas, nos moimentos antigos—ou millor dito, persisten nos seus antigos lugares de culto abandoados dos homes, e toman un caraute demoniaco que favorez a sua identificación co-as razas odiadas. Veleiquí fica o sinal de ises deuses ou espíritos esquenidos, na cobra encantada do Castro de Morgade, e nos xigantes de ouro de nove pés de outo do mesmo castro.

As leendas non difrenzan os mouros históricos dos mouros encantados; mais o intérprete das leendas ten que distinguir moi

ben os ús dos outros: as suas orixes, ó noso ver, son diversas. No primeiro caso trátase de unha deformación histórica; no segundo, de unha lembranza mítica.

OS TESOUROS.—Hai tesouros acochados nos castros de Baínte, Frameán, Morgade, Piñeiro, Santa Adega, Madanela e Río.

As leendas de tesouros andan vastas pol-o mundo. A historia conservounos as dos de Cresos de Lydia, de Osymandias de Exipto, do Templo de Xerusalem, dos Incas do Perú, etc., e a literatura outros moitos, dende os das Mil e Unha Noites, ata o do Conde de Montecristo. Tesouros verdadeiros foron desatuados pol-os arqueólogos: sirvan de exemplo as tumbas de Mycenae, as croas votivas de Guarrazar, as xoias de Jayeá, etc.

Así e todo, poucas terras haberá no mundo onde haxa tantas leendas de tesouros como en Asturias, Galiza e Portugal. Da sua importancia certifican a tradición oral, o *Libro de San Cipriano* e o privilexio de Vázquez de Orxas. Sábese que a sona do ouro galego ven xa dos antigos (Posidonio, Strabon, Plinio, Silio Itálico, Xustino). Xustino conservounos a leenda do *Mons Sacer*, todo cheo de ouro. E non é todo discurridura n-estas historias: os romanos sacaron moito ouro de Galiza, e a maiores ainda podemos citar os tesouros prehistóricos achados en Melide, a Gudiña, Riotorto, a Recadieira, Castro de Masma, Castro Recouso, e os tantos torques, brazales e outras pezas áureas catalogadas por exemplo na *Edade do Ferro na Galiza*, de Cuevillas, e debidas as mais a achádegos de casualidade. Foi iste, pois, certamente un país de tesouros.

Tocantes á atribución dos haberes acochados ós mouros, no noso citado traballo pódese ver como aparece xa no século XII na *Crónica de Turpín*, e volve logo no suposto pergamiño de Don Gutierre de Altamira que reproduz o *Libro de San Cipriano*, pergamiño que cecais foi o prototipo das *Gacepas* ou *Gacetas* d' Asturias. Non temos atopado eiquí, deixa agora, as tales *gacepas*; os nosos informantes refírense en troques a miúdo ó *Libro de San Cipriano* ou *Ciprianillo*.

O que acontece moitas vegadas é que digan que algúñ do lugar ouviu falar en lonxanas terras do gran tesouro ou haber que hai en

tal castro ou en tal mámoa ou en tal fonte. Así, o Calote de Casares ouviu falar en Portugal dos dous xigantes de ouro do castro de Morgade, e un mozo de Morgade, prisoero de Abd-el-Krim, ouviu ós mouros da preciosa silla do Rei, acochada no mesmo castro.

A TRABE D'OURO.—O coñecido e tan espallado tema da trabe de ouro, en compañía, crar'está, da de alquitrán, aparez eiqui somentes nos castros de Morgade e Santa Adega. Nos dous hai tres trabes: a terceira é de prata no Morgadán e de fogo no de Santa Adega. Non podemos hoxe escrarecel-o problema de por qué o ouro se presenta na forma de unha trabe.

O aparecer a de alquitrán a carón da de ouro representa o perigo de manexar forzas descoñecidas, que sempre siñalan as leendas. A máxica teórica espírica de diversos xxitos iste perigo, o qual relaciónnase a un tempo, por unha banda, c'unha concepción dualista do ultramundo, e pol-a outra, co-a intención moralizadora ou pedagóxica da leenda. Coido que non hai que desbotar o rol didáctico das leendas, ben demostrado pol-a literatura medieval.

OS XIGANTES D'OURO.—Os do Castro Morgadán teñen mais d'un paralelo: do Couto de Louredo, perto de Mugares (concello de Toén) refiren que no *Ciprianillo* está escrito que cavando allí hase atopar a capela do San Ciprián, e na porta dous xigantes con mazas, e cando entra un, baixan as mazas e mítano, e desfaise todo en ouro. Por iso, o que ó queira lograr, ten que facer entrar dediante un cadeliño ou calquer outra cousa viva (véxase revista NÓS, núm. 5, *Arquivo filol. e etnog. de Galiza*).

O OURO SACADO A ASOELLAR.—Tamén é tema de moito espallamento, e atopámolo eiqui no Castro de Bainte. Semella coma si o ouro tivera necesidade de que o puxaran de cando en cando á luz do sol, como si atuado perdera cecais as suas propiedades. Él haberá nisto a idea d'unha relazón entre o ouro e o sol?

Lembremos dous feitos: a astroloxía xudiciaria estableceu dende tempo inmemorial a correspondenza entre o sol e o ouro; o astro domiña o metal; o metal pertence ó

astro. A alquimia veu establecer entre os dous certa identidade de natureza: o ouro é unha sorte de condensación da luz solar. A orixe de estas ideias semella ben antiga.

DESENCANTAMENTO DOS TESOUROS.—No castro de Bainte semella que depende de atinar co-a resposta que un debe dar á moura. Tamén iste tema se atopa a miúdo (véxase por exemplo: *Prehistoria galega. O Neixón*, por Cuevillas e Bouza Brey, no *Bol. da R. Acad. Galega*).

). Lembra o enigma da Esfinxe, os que se propoñen pra obter a man da filla de un rei, etc. E nótese que xeralmente, na máxica realiza o que atina coa verba, pérdeuse o que a trabuca. En realidade, cada situazón da vida non nos propón un enigma co que compre atinar? Non vai descamifada a sabencia do pobo, e novamente teremos que lembrar o caraute educativo que tiveron e teñen as leendas: forman parte dos recursos pedagóxicos espontáneos. En parte, o Oriente ainda educa con exemplos e parábolas, non somentes ós nenos, senón ós adultos. As obras filosóficas dos chinos están escritas de ese xeito, e non imos xa ó *Panchatantra* e ó *Hitorapadesa*. Pois ben: eiqui atopámos castigada a cobiza do que pide o ouro ós ferrados.

No Morgadán ofércense duas soluciós: 1.º desencantar unha moura coxa, ron din como; 2.º botar os exorcismos, cavar ata atopar a cobra, e beixala na testa. O dos exorcismos ten relazón co *Libro de San Cipriano*, onde hai unha orazón pra desencantamento de tesouros, e un circo máxico que compre riscar no chao, no que s'escribe a verba cabalisteca *Agla* (acróstico de *adhab gabor leolam Adonai*: sodes poderoso e eterno, Señor), moi empregada polos mouros na Edade Meia, e d'uso corrente antr'os cabalistas europeus no século XVI, época a que semella que compre atribuir aquil grimorio. O exorcismo pode ter por finalidade: ou botar fora ou paralizar ós donos do tesouro pra poderlo coller—ou pra limpar o tesouro da forxa máxica perniziosa que poidera ter. Non temos logrado ainda qu'os nosos informadores nos acraran sen iste extremo. Mais coido que compre distinguir ben o exorcismo do desconxuro, embora non poi-

damos agardar qu'a xente os distinga en cada caso. O desconxuro pode servir sinxelamente pra desencantar: pra que o tesouro se manifeste na sua verdadeira forma. En todo caso, o exorcismo reveste xa unha forma especificamente cristián, anque pódese achar posto no canto de un procedemento de mais antiga orixe.

O da cobra repite tamén moito no noso folk-lore. Aparez a cobra xa coma gardiana do tesouro, xa coma forma que reveste unha dona encantada. De unha e de outra, hemos atopar ben paralelos n-outros fascículos d'iste *Catálogo*. O beixala pra desfacer o encanto é tamén corrente, anque ten a variante de terlle que tirar cos dentes un carabel que levá no bico, coma na citania de San Cibrao das Lás. O desencantador ten que vencer o medo e o noxo que lle causa a cobra; é o sacrificio que lle val a recompensa.

A RAPAZA COMIDA POL-OS MOUROS.—Atopamos iste tema repetido duas veces na bisbarra de Vilamarín: nos castros de Frameán e da Madanela. As duas, a rapaza sofre por castigo e por vinganza. Coido que co-isto compre relacionar o de:

—*Aquí me huele a carne de cristianillo vivo* dos castros de Santa Ádega e Marcelle. Novamente terémonos que referir ó traballo citado, *Os mouros encantados*, onde señalamos a relación dos mouros cos *ogros*, fundada n-estas leendas. Como ali indicamos, hai outras variantes en que os mouros castigan os cristiaos que se relacioan co-iles, principalmente, cando revelan o segredo das suas relaciós.

Os mouros encantados teñen case sempre

o duplo caraute de protetores invisibles e de antropófagos.

O SACRIFIZO DOS BOIS.—Cousa curiosa e que se non atopa tan espallada, é a leenda das duas rapazas que de un xeito cáxe-que ritual, sacrifician os bois no castro de Marcelle. Hai eiquí unha lembranza dos sacrificios relixiosos dos pagaos? Poderíamolo determinar si a leenda nos fornecera mais detalles, e sería d'aquela a proba mais terminante da confusión dos mouros con razas mais antigas.

E si en realidade tratárase d'un sacrificio relixioso, como semella o mais probable, compre ter en conta o feito de seren mulleres as que o realizan—precisamente o seren mulleres as que matan os bois, non adoitan facelo na leenda nin no costume da terra, é o que mais fai sospeitar que se trate d'un sacrificio relixioso—e iste feito non pode por menos de nos traguer á memoria canto se ten dito e escrito encol das druides das sacerdotisas céltigas da illa de Sen, d'outras sacerdotisas nórdicas, e do seu posibre avençamento co-as modernas bruxas, sabias, feiticeiras, meigas, etc.

Pode ser que todos os puntos que levamos tocado do folk-lore castrexo do val de Vilamarín, sexa iste o que meirande importancia teña. É dende logo o que abre diante de nós mais longas perspectivas, fornecéndonos cecais o fio pra unha teoría xeral, cuio esbozo nin é propio facer eiquí, nin o dato abonda tampouco pra fundamentala anque fora de xeito hipotético. Mais non quita que mais adiante, novas confirmanzas nos veñan dar ocasión de darrle desenrollo.

(FIN)

OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

GALIZA NA ALEMAÑA

NA Universidade de Bonn, onde é Professor, deu o noso ilustre amigo Dr. Xulio Martínez Santa Olalla unha conferencia en col da renacencia galega, na que puxo en releve diante do público culto d'aquela cidadade alemana e do seu elemento universitario, a importancia do noso movemento.

Fondo coñecedor da nosa literatura, da que soupo asimilárese as esencias, e amante da nosa Terra, que percorreu con curiosidade d'artista e d'home de cencia, o Sr. Martínez Santa Olalla desenrolou unha visión sintética de Galiza, das suas espranzas e problemáticas, da sua renacencia cultural, e do significado d'esta renacencia no seu cadre natural da vida do país e no cadre total da

Hespaña de hoxe. Despois d'unha introdución sobr'a paisaxe totalizada (chan, ceo, mar, xente, historia) da Galiza e das suas diferencias dentro da Península; despois de lembrar o tempo dos Precursors, especialmente as duas máisimas figuras de Rosalía e Pondal, estudou o movemento rexionalista qu'encomenza co-a fundación das Irmandades da Fala, ata chegar ó movemento cultural de hoxe, enxergado ante outras formas, «*á través del ventanal gigantesco de NÓS*» e do Seminario d'Estudos Galegos. Falou da nosa arte: Asorey e Bonome, Llorens e Corral, etc. da nosa literatura e do noso movemento centífeo: Risco, Cuevillas, Bouza Brey; Otero Pedrayo, Filgueira Valverde; da nosa contribución característica ás letras castelás: Valle-Inclán, Fernández Flórez; do gran Cabanillas, verbo da raza; de todo canto ante nós representa un valor dino de ser ostentado.

O dar o parabén ó ilustre Profesor vallisoletano, verdadeiro amigo de Galiza, o boletín *NÓS*—onde moito s'estima, quer e admira ó Dr. Martínez Santa Olalla—agradez, non somentes as garimosas verbas que tivo a ben adicarle, senón o xeneroso servizo feito á cultura galega divulgando os seus valores, co-a sua sabencia e autoridade, onde illes poden ser coñecidos e apreciados. *NÓS* presenta ademais iste feito á gratitud de todolos bós galegos, e chámalles a atención cara á sua importancia e sinificación, pois elo indica duas cousas: primeira, o valor intrínseco do noso labor cultural, posto que os doutos decátanse d'il; e segunda, qu'a nosa renacencia vai *collendo estado* no mundo.

O BILINGÜÍSMO NA PEDAGOXÍA

O *Bureau d'Education* de Xinebra prepara un Congreso Internacional pra tratar do enseno dos pobos bilingües. (Seica non contou o *Bureau* co voto en contra de Don Torcuato Luca de Tena). O asunto estase debatendo moito nas publicaciós pedagóxicas, e eiqui temos leido un ben pensado artigo de Lourenzo Luzuriaga, no que, apriando o conto á Hespaña, aboga porqu'o enseno primario se faga na lingua materna dos rapaces, ou seña, nas terras de fala propia, na lingua rexional, úneco xeito de que se poida aproveitar o valor pedagóxico da lingua materna, e de dar ó enseno verdadeira eficacia.

En col d'este tema levou noso direitor Vicente Risco ó Congreso Pedagóxico que houbo hai dous anos na Cruña, un traballo que por causas alleas á sua vontade renunciou a presentar, e que se publicou despois n'un boletín profesional.

Complácenos moito, pol-o tanto, o vermos pranteado o probremo na Hespaña por persoas en quen se non pode sospeitar ningún intrés de caraute rexionalista, e qu'o fan dend'un punto de vista puramente pedagóxico, pra que se vexa que se non trata d'un escrusivismo que nós queiramos sostener. E satisfainos tamén qu'o probremo se prantea internacionalmente, pra que se vexa qu'os nosos probremos non son probremos *de campanario*, senón que abrangueu un caraute universal.

Tocantes ós argumentos en contra qu'algun quixerá tirar dos estudos de G. de Reynold en col do bilingüismo na Suiza, non son apricabres ó noso caso, pois alí trátase de lingoas d'estrutura moi diversa (francés e alemán, alemán e italiano) e na Hespaña (juntando o caso do vasco) de lingoas neolatinas d'estreito parentesco e pol-o tanto non tan alleas unhas ás outras coma pra levaren ó confusionismo. Mais si así e todo se temera o confusionismo, d'aquela, sendo consecuentes, non habería mais remedio senón darlle a preferencia á lingua materna, fose a que fose.

O CONGRESO MUNICIPALISTA RURAL

No «Pueblo Gallego» de Vigo iniciouse a ideia de xuntar un Congreso municipalista do «rús» e veñen publicándose no mesmo xornal opiniós referentes a elo. A Liga Agraria da provincia de Lugo, que perside o Sr. López Otero, mostrase conforme. A Confederación Rexional, coidamos que tamén. A «Irmandade da Fala» o mesmo. E o mesmo as persoalidades mais saíntes do galleguismo. Logo o Congreso ten ambiente, inda que compre facerlle mais afada.

Non hay dúbida de que é perciso chegar á organización do noso rús de xeito que poídan xurdiren nél a cidadanía e o progreso material parelllos. Isa organización terá que arrincar do recoñecemento da persoalidade integral da parroquia. A parroquia é algo tan vivo na Galiza que mais non pode selo, pesa canto se fixo deixa agora por esmorecela.

Recoñecida a parroquia, considerándoa como núcleo de municipalidade, onde o espontaneísmo poida ter iniciativas, axitadas as realidades da comarca, falta estudar o acoplamento d'elas, por series de semellanza, a un organismo intermeio, libre de peso parasitario, que afluía a unha única e grande institución político-administrativa rexional, pensando dende logo en suprimire de raiz as autuaes e absurdas Diputacións de provincia. A tarefa non é doada, mais tampouco imposible. Para chegarmos a con-

crusións frutíferas o que se percisa é atender primeiro ás realidades da vida campesina e mariñeira da Galiza que ó escribido nos libros encol de orgaización municipal. Hai que escismar na realidade, esculcar no carácter dos nosos aldeáns, non perder dos ollos nin as cousas folk-lóricas, nin os tensionamentos tradicionaes, nin os bos costumes antergos, nin as crases de traballo e riqueza de cada sua comarca, para dar coás millores fórmulas estructuradoras da vida municipal galega, que en troques de violentaren a espontaneidade da raza lle premitan desenvolvérese ceibamente.

Fáigase, pois, embora o Congreso, que hoxe parécenos moi necesario. Pro que nél, antes que abogados e eruditos das lexislacións escritas, pesen os homes prácticos no coñecemento do país, en quenes ningún prexuicio puxo ainda teas d'araña anubradoras da crara visión da realidade. Que todo se proyecte, sobre un fondo domiño do meío aldeán galego, como cousa nova n'un país virxe de orgaizacións políticas e administrativas, tal que si se tratara d'unha terra recén descuberta que houbese que incorporar á civilización europea pol-o esporamento lóxico das suas posibilidades certas de vida.

Este é o camiño a seguir. Indo por outros, perderíamnos na esterilidade.

NOVA APORTACIÓN Á LÍRICA GALEGA

EMILIO Mosteiro, ainda que nacido en Madrid, é un galego cortado a pico. Fillo de gallegos, os nosos liorizontes devandaron as suas olladas mais agudas e sostidas.

No libro «Ancla»—libro d'adolescente, coñecido de tod'a mocidade de Galicia—ferven as escumas do noso mar e cambian sutiles saúdos os faros galegos.

Hoxe escomenza Emilio Mosteiro a sua pelegrinaxe pol-a lengoa dos seus maiores. Ó dal-a notiza, sentimos a íntima seguranza de qu'a nosa lírica—tan cativa e avelloucada!—s'ha d'estremecer con arelas de virxe ó sentir a apreixa da man moza d'este poeta.

OUTEIRO ESPASANDÍN.

EXPOSICIÓN DE SANTIAGO BONOME

No derradeiro mes de Xaneiro celebrouse no Salón Vilches de Madrid unha exposición das obras do escultor compostelán Santiago Bonome.

Nesta exposición figuraban varias obras quexa se habían espusto nalgúnha ocasión, e había outras, as mais, que pol-o aquel

de presentalas por vez primeira á pública admiración, dan a conocer o xeito novo que Bonome lle imprime ás suas tallas.

O xoven escultor afastándose, ou millor dito, alternando coas suas tallas enxebres nas que tan ben atinou a expresar os sentimentos de dolor e ausencia, iniciase nun senso mais decorativo qu'il coida mais universal. Mais isto non quer decir que o noso escultor abandoe por completo o que n'il hai de racial e que cecais sexa superior á sua vontade.

Tal se bota de ver nas tres millores obras d'esta exposición que levan os nomes de «Salomé», «Trono infantil» e «Cariátide». A primeira sobre todo, de tan difícil interpretación pol-o sobado do tema, está resolto con verdadeira orixinalidade; a sua actitude, a expresión que o artista atinou a darlle fan d'ela a millor obra das que até o d'agora teñen saído das suas mans.

A exposición foi un gran éxito de público e de crítica pol-o que felicitamos a Bonome desexándolle novos trunfos.

ACTOS GALEGUISTAS NA CRUÑA, HOMENAXE A CURROS

Como decote, comprindo o seu voto anual o «Circo d'Artesanos» da Cruña, fixo procesión cívica ó címetrio para honrar a Curros Enríquez, e os mais ilustres galeguistas que ali reposan, na data lembrativa da morte do vate celanova. Na procesión figuraban representantes do concello e de todos os organismos culturais e artísticos da Cruña. O Segredario do Circo d'Artesanos, Ieu unhas cuartillas en nome d'ista Sociedade ó pé da tumba de Curros, falou elocuente patrioticamente Otero Pedrayo, en representación da «Irmandade da Fala», do concello de Celanova e d'outras entidades. E pechou o aito, con outro discurso, o alcalde da Cruña, trás o que cantaron feixes de nenos o hino galego.

O vispera, organizada pol-a Universidade Popular, d'acordo co'a Irmandade da Fala, dou unha conferencia sobre Curros Enríquez, o noso irmán Ramón Otero Pedrayo. Presidiron o acto, un membro do Concello, o presidente da Academia Gallega, o do «Circo», o d'Estudios Gallegos, o da Irmandade, o do Instituto de Segundo Enseñanza, e o da Universidade Popular.

Fixo unha presentación maxistral describindo admiravelmente a personalidade de Ramón Otero Pedrayo o noso irmán Antón Villar Ponte. Logo Otero Pedrayo estudou a Curros e o ambiente social do seu tempo de xeito concenzudo. Distingue a provincia ademanistrativa d'hoje da de an-

tano. Ten unha xurdia comparanza entr'a persoalidade de Curros e a de Pondal. Di que se pon se pode tratar da Edade Media esquençando Santiago. En ningures sefalou deixa agora por ninguén do autor de «Aires da miña terra» como Ramón Otero Pedrayo. Iste, que ten unha verba galega percisa e elegante, o servizo d'unha grande cultura, foi gabadísimo o remate da sua conferencia.

Seguidamente agasallárono cun xantar moitos elementos representativos da cultura cruñesa que tiveron para a d'Ourense, lembranzas garimosas.

LIBROS

GRABADOS EN LINOLEUM, por XAIME PRADA, NÓS, 1927.

XAIME Prada, artista galego ben coñecido coma caricaturista e dibuxante, e que domiña a difízil técnica do *linoleum*, ofrece ó público coma mostra da sua arte iste fermoso álbum, moi ben editado por NÓS, contendo dazaoito grabados en col de temas da terra, tratados con emoción e dramatismo, e glosados por dazaoito escritores das primeiras firmas galegas do noso tempo.

Libro d'arte verdadeiramente intresante, tivo unha boa acollida na imprensa e na críteca, com'era merecente. Xaime Prada é un artista traballador e de vontade, que siente fondamente a sua arte, debendo figurar principalmente antr'os artistas d'expresión e de tendenza literaria—sabido é que Xaime Prada é tamén escritor—tendenza que hoxe moitos combaten sin vencela. Xaime Prada manexa diferentes procedementos artísticos, e ten traballado moi n-iste do linoleum. Ora, o linoleum, tendo coma ten pol-a mesma natureza mol de mais da materia, unha dureza característica qu'o fai pouco doado pra finuras e matices, non todolos grabados de Prada están igualmente logrados. Hainos com'o *Castiñeiro*, verdadeiramente atinados e felices, e outros en que o artista soupo aproveital-as mesmas dificultades da materia pra tirarlle o efecto requerido pol-a composición, com'acontez en *Pobo*. Agás ises dous, os que nos parecen mais dinos de nota son

o *Cruceiro* (especialmente, os arbres), o *Trono*, co-a nube á que lle deu un gran relevo de protagonista, o *Peirao Romántico*, do que podemos ouvir o mesmo que do *Pobo*, e os *Mariñeiros*, as millores figuras humanas do álbum.

TRINITARIAS (poesias) por R. CARBALLO CALERO, Ferrol, 1918.

ESTE poeta mozo ofrece un nutrido libro de poemas de mocedad, de vena abondosa e longo folgo lírico. Suxetivismos, intimidades, confesiós, poemas d'amor, madrigales, romantismos, o arcaico de nantronte, a paisaxe chegando ó poeta desfeita en sentimientos mais qu'en imaxes, mocedad natural e verdadeira, non contrafeita, mais interna que sportiva e pol-o tanto pesimista d'ise pesimismo inicial da mocedad cando é sensitiva e de verdadeira natureza poética, moi verbo—cecas habitude do soliloquio que, naturalmente, n-un poeta mozo, é doioso que fique inédito—ningunha presunción, tídos sinxelos, ningunha pretensión de sorprender ó leitor. Tod'esto atopamos n-este libro, e todas elas son virtudes. Crer está que hai pecados tamén...

Prologa iste libro un poeta, hoxe calado, N. García Pereira, do que lembramos un libro: *Nós de saloucos e bágoas*, precisamente comentado aló nos primeiros números de NÓS. Con millor coñecencia do espírito do poeta, García Pereira trata en catro páginas d'espiral-o seu segredo, e insiste sobr'o pessimismo de Carballo Calero. Causa natural.

V. R.

Imp. NÓS, Real, 36-1.º A CRUÑA

FOTOGRAVADO

Si ten intrés en que os seus fotografiados sexan os mais perfeitos posibles, convenlle enviarlos aos

Talleres de fotografiado
ESPASA-CALPE S. A.

Rios Rosas, 24-Apartado, 547

MADRID

Este nome xa é por si unha garantía, pois son os talleres mais modernos e organizados para realizar na sua máxima perfección toda cráis de fotografiados en cinc, cobre, tricomias, cuatromias, etc... O seu servicio é extra-rápido.

As suas obras son perfeitas.

X. Calviño Domínguez

Abogado-Procurador

CANTÓN PEQUENO, 1-(OFICINAS)

TELÉFONO, 381

A CRUÑA

P A R D O

ÓPTICO CENTÍFICO

Preguntoiro, 32
SANTIAGO

San Andrés, 50
A CRUÑA

CASA ESCRUSIVAMENTE ADICADA A ÓPTICA CENTÍFICA

BODEGAS GALLEGAS, PEARES E OURENSE

Vinos finos de mesa: Tinto TRES RIOS. Blanco BRILLANTE
LOS GALLEGOS blanco e tinto

Macía e Valeiras, Apartado 18 - Ourense

Droguería e Farmacia

LUIS FÁBREGA

Progreso, esquina a Luis Espada
OURENSE

MERQUE VOSTEDE
Plumeiros **RAFIUM**

De mais dura qu'os de pruma e limpan
millor. Véndese en todolos estabre-
cimentos do ramo

Andrés Perille - OURENSE

F. ROMAN e SACO

DROGUERIA

e FARMACIA

Pereira, 19

OURENSE

Teléfono 28

Use o novo cristal PUNTAL, fabricación de Zeis,
e escrusiva da

CASA DE LOS LENTES

Plaza Mayor, 18.

OURENSE.



A hixiene dos nenos
é a garantía da sua saúde física e moral o día de mañá.

No diario aseo dos nenos emplee o **"Jabón Sales de la Toja"**, único que ás suas altas calidades meiciñas xunta toda a finura e perfume d'un xabón de tocador.

Contribuie ó perfeito desenrolo das criaturas e evita o perigo da escrúfula e o raquitismo.

**JABÓN
LA TOJA**
ÚNICO EN EL MUNDO

1pta
DASTILLA



HELIO

O Xabón da Toxa
ademas de ser o mellor é un
producto galego que nos
honra no mundo enteiro



AGUAS DE
MONDARIZ
Fuentes de GÁNDARA Y TRONCOSO
Propiedad de los Sres. Hijos de Peinador

Véndese en todal-as
Boticas, Drogueirías
Hotels,
Depósitos d'augas
minerás,
Restaurants e
vagós-camas de
todol-os trés

Estas augas, de sona universal son o reme-
dio enxebre e eficacísemo

cand'un quer combater o
Artritismo, a Diabetes, Desnutrizón, Obesi-
dades diversas, doenças do Aparello dixes-
tivo, Anemia e Neurastenia

**Riquisma auga de mesa
gaseada naturalmente**

MONDARIZ-BALNEARIO Áchase á 35 Km. de VIGO